

Programación de proba libre de módulos profesionais

1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15021482	IES San Clemente	Santiago de Compostela	2012/2013

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IFC	Informática e comunicacións	CSIFC02	Desenvolvemento de aplicacións multiplataforma	Ciclos formativos de grao superior	LIBRE

Módulo profesional

Código MP	Nome	Horas
MP0488	Desenvolvemento de interfaces	

Profesorado responsable

Javier F. Porto Bouzas

2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

2.1 Primeira parte da proba

2.1.1 Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
▪ RA1 - Xera interfaces gráficas de usuario mediante editores visuais utilizando a funcionalidade do editor e adaptando o código xerado.
▪ RA2 - Crea compoñentes visuais, para o que valora e emprega ferramentas específicas.
▪ RA3 - Deseña interfaces gráficas, para o que identifica e aplica criterios de usabilidade.
▪ RA4 - Crea informes, para o que utiliza e avalía ferramentas gráficas.
▪ RA5- Documenta aplicacións, para o que selecciona e utiliza ferramentas específicas.
▪ RA6 - Prepara aplicacións para a súa distribución, para o que utiliza e avalía ferramentas específicas.
▪ RA7 - Avalía o funcionamento de aplicacións, para o que diseña e executa probas.

2.1.2 Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
▪ CA1.1 Creouse unha interface gráfica utilizando os asistentes dun editor visual.
▪ CA1.2 Utilizáronse as funcións do editor para localizar os compoñentes da interface.
▪ CA1.3 Modificáronse as propiedades dos compoñentes para as adecuar ás necesidades da aplicación.
▪ CA1.4 Analizouse o código xerado polo editor visual.
▪ CA1.5 Modificouse o código xerado polo editor visual.
▪ CA1.6 Asociáronse aos eventos as accións correspondentes.
▪ CA1.7 Desenvolveuse unha aplicación sinxela para comprobar a funcionalidade da interface gráfica obtida.
▪ CA2.1 Identificáronse as ferramentas para deseño e proba de compoñentes.
▪ CA2.2 Creáronse compoñentes visuais.
▪ CA2.3 Definíronse as súas propiedades e asignáronse valores por defecto.
▪ CA2.4 Determináronse os eventos aos que debe responder o compoñente e asociáronselles as accións correspondentes.
▪ CA2.5 Documentáronse os compoñentes creados.
▪ CA2.6 Empaquetáronse compoñentes.
▪ CA3.1 Creáronse menús axustados aos estándares.
▪ CA3.2 Creáronse menús contextuais cuxa estrutura e contido sigan os estándares establecidos.
▪ CA3.3 Distribuíronse as accións en menús, barras de ferramentas, botóns de comando, etc., seguindo un criterio coherente.
▪ CA3.4 Distribuíronse adecuadamente os controis na interface de usuario.
▪ CA3.5 Utilizouse o tipo de control máis acaído en cada caso.
▪ CA3.6 Deseñouse o aspecto da interface de usuario (cores, fontes, etc.) atendendo á súa lexibilidade.
▪ CA3.7 Verificouse que as mensaxes xeradas pola aplicación sexan as adecuadas en extensión e claridade.
▪ CA4.1 Estableceuse a estrutura do informe.
▪ CA4.2 Xeráronse informes básicos a partir dunha fonte de datos mediante asistentes.
▪ CA4.3 Establecéronse filtros sobre os datos nos que se basean os informes.
▪ CA4.4 Incluíronse valores calculados, recontos e totais.
▪ CA4.5 Incluíronse gráficos xerados a partir dos datos.
▪ CA4.6 Utilizáronse ferramentas para xerar o código correspondente aos informes dunha aplicación.
▪ CA4.7 Modificouse o código correspondente aos informes.
▪ CA5.1 Identificáronse sistemas de xeración de axudas.
▪ CA5.2 Xeráronse axudas nos formatos habituais.
▪ CA5.3 Xeráronse axudas sensibles ao contexto.
▪ CA5.4 Documentouse a estrutura da información persistente.
▪ CA5.5 Confeccionouse o manual de usuario e a guía de referencia.
▪ CA5.6 Confeccionáronse os manuais de instalación, configuración e administración.

Cráterios de avaliación do currículo
▪ CA5.7 Confeccionáronse titoriais.
▪ CA6.1 Empaquetáronse os compoñentes que require a aplicación.
▪ CA6.2 Personalizouse o asistente de instalación.
▪ CA6.3 Empaquetouse a aplicación para ser instalada de xeito típico, completo ou personalizado.
▪ CA6.4 Xeráronse paquetes de instalación utilizando o contorno de desenvolvemento.
▪ CA6.5 Xeráronse paquetes de instalación utilizando ferramentas externas.
▪ CA7.1 Estableceuse unha estratexia de probas.
▪ CA7.2 Realizáronse probas de integración dos elementos.
▪ CA7.3 Realizáronse probas de regresión.
▪ CA7.4 Realizáronse probas de volume e estrés.
▪ CA7.5 Realizáronse probas de seguridade.
▪ CA7.6 Realizáronse probas de uso de recursos por parte da aplicación.
▪ CA7.7 Documentouse a estratexia de probas e os resultados obtidos.

2.2 Segunda parte da proba

2.2.1 Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
▪ RA1 - Xera interfaces gráficas de usuario mediante editores visuais utilizando a funcionalidade do editor e adaptando o código xerado.
▪ RA2 - Crea compoñentes visuais, para o que valora e emprega ferramentas específicas.
▪ RA3 - Deseña interfaces gráficas, para o que identifica e aplica criterios de usabilidade.
▪ RA4 - Crea informes, para o que utiliza e avalía ferramentas gráficas.

2.2.2 Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Cráterios de avaliación do currículo
▪ CA1.1 Desenvolveuse unha aplicación sinxela que usa os controis estándar, para comprobar a funcionalidade da interface gráfica requirida.
▪ CA2.1 Incorporouse á aplicación unha referencia a un compoñente creado previamente, así como o uso dos seus métodos e eventos.
▪ CA3.1 Empregáronse barras de menú, menús contextuais, Barras de ferramentas, ademais dos controis estándar e dotouse á interface da funcionalidade requirida
▪ CA4.1 Desenvolveuse un informe usando os obxectos de impresión da linguaxe usada para o desenvolvemento da interface

3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os **mínimos exixibles** para alcanzar a avaliación positiva son os que establecen os criterios de avaliación seguintes:

Para a primeira parte da proba: CA1.1 CA1.2 CA1.3 CA1.6, CA1.7 CA3.1 CA3.2 CA3.3 CA3.4 CA3.5 CA3.6 CA4.1 CA4.3 CA4.4 CA4.5 CA5.1 CA5.2 CA5.5 CA5.6 CA5.7 CA6.4 CA6.5 CA7.1

Para a segunda parte da proba: CA1.1 CA3.1

Cráterios de cualificación:

A primeira parte da proba é eliminatória e valorarase de 0 a 10 e haberá que obter un mínimo de 5 para superala. Terá 20 preguntas, cunha valoración de 0,5 puntos cada unha delas. Cada tres erróneas restan 0.5 puntos (valor de una pregunta correcta).

A segunda parte da proba valorarase de 0 a 10 e haberá que obter un mínimo de 5 para superala.

4. Características da proba e instrumentos necesarios para o seu desenvolvemento

4.1 Primeira parte da proba

Proba escrita consistente nun cuestionario que pode conter preguntas de resposta simple, resposta múltiple, resposta curta, Verdadeiro/Falso. O cuestionario incluíra preguntas teóricas e teórico-prácticas. Estas últimas poden requirir escribir ou explicar código nalgunha das linguaxes referidas no apartado (4.2). Só é necesario coñecer unha das linguaxes referidas.
Material necesario: Bolígrafo

4.2 Segunda parte da proba

Deseño dunha interface e elaboración do código para dotalo da funcionalidade requirida segundo as especificacións indicadas no enunciado. Esta proba realizarase nun ordenador usando a plataforma de desenvolvemento e unha das linguaxes seguintes.

Linguaxe	Plataforma
Visual Basic 2010	Visual Studio 2010. Proxecto Aplicación para Windows
Visual C# 2010	Visual Studio 2010. Proxecto Aplicación para Windows